

ORDENANZA FISCAL NÚM. 6

REGULADORA DA RECARGA PROVINCIAL DO IMPOSTO SOBRE
ACTIVIDADES ECONÓMICAS

(BOP número 157, do 9 de xullo de 1992)
(BOP número 286, do 15 de decembro de 1999)
(BOP número 74, do 31 de marzo de 2003)
(BOP número 288, do 16 de decembro de 2004)
(BOP número 286, do 15 de decembro de 2006)

Artigo 1.-

De acordo co que establece o artigo 134.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo, a recarga do imposto sobre actividades económicas aplicábel nesta Deputación provincial, queda establecido nos termos que se fixan no artigo seguinte:

Artigo 2.-

Nos termos dispostos no artigo 134.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo, sobre as cotas municipais modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación establecido no seu artigo 86, recaerá unha recarga única do 25 por 100.

Disposición final.- A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a partir do 1 de xaneiro de 1992, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Dilixencia.- A presente ordenanza fiscal foi aprobada en sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 29 de maio de 1992.

-
- Por acordo plenario celebrado o día 29 de outubro de 1999 (BOP núm. 286 con data do 15 de decembro de 1999) foi modificado o artigo 2. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2000.
 - Por acordo plenario celebrado o día 17 de febreiro de 2003 (BOP nº 74 con data do 31 de marzo do 2003) foi modificado o artigo 2. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2003
 - Por acordo plenario celebrado o día 28 de outubro de 2004 (BOP núm. 288 con data do 16 de decembro de 2004) foron modificados os artigos 1 e 2. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2005.

ORDENANZA FISCAL N.º 6

- Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2006 (BOP núm. 286 con data do 15 de decembro de 2006) foi modificado o artigo 2. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2007.